



SON D´ALDEA

VI EDICIÓN

PROGRAMA DO ENCONTRO CIENTÍFICO

“EDUCACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO MEIO RURAL”

Venres, 2 de setembro de 2016

Parladoiro de Arqueixal



www.arqueixal.es

Albá (Palas de Rei)- Lugo – Galiza

Organizan:

Prof. Dr. Santiago Prado Conde (UNIR) – santiago.prado@unir.net

Prof. Dr. Xerardo Pereiro (UTAD - CETRAD) – xperez@utad.pt



Presentación

Nesta sexta edición de “Son da aldea” adicarase o encontro científico a pensar o papel que xoga a Educación no Desenvolvemento do Medio Rural, é dicir, o impacto, retos e desafíos que a educación, entendida como algo máis extenso que a simple escolarización ou instrución escolar, ten na proxección do desenvolvemento comunitario, nas dinámicas socioculturais que se veñen xerando e, en definitiva, nos procesos de mudanza nos que a educación, como unha dimensión máis do campo do social, é esencial para entender as transformacións dos mundos rurais.

PROGRAMA

Venres, 2 de setembro de 2016

17:00h: Mesa redonda sobre educación e mundo rural. Moderan: Santiago Prado (Universidad Internacional de La Rioja - España) e Xerardo Pereiro (Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, - CETRAD- Portugal)

Participantes:

- Prof.a Dr.a Julia Varela (Catedrática de Socioloxía da Universidade Complutense de Madrid)
- Prof. Dr. Américo Nunes Peres (Catedrático de Educación da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro – Portugal)
- Dr. António Rodríguez Corbal (Portavoz do Centro de Desenvolvemento Rural “O Viso” – Lodoselo - Sarreaus – Ourense)

20:00h: Pepe Penabade “O Afiedaro”

2100h: Cea con produtos de Aldea e encomenda

Organizan:

Chago Prado (UNIR-CETRAD) e Xerardo Pereiro (UTAD-CETRAD) e

www.arqueixal.com

<http://www.sondaldea.com/>

Inscripción en: www.sondaldea.com <http://sondaldea.galiciasustentable.org/>

-Anticipada (antes do 29 de agosto): 10 Euros

-Despois do 29 de agosto: 15 Euros

-Nota: A organización dará un certificado de participación a quen o solicite.





Julia Varela, natural de A Ulfe, Chantada (Lugo – Galiza), catedrática xubilada de Socioloxía, da Universidade Complutense de Madrid. Os seus traballos de investigación abordan cuestións ligadas á educación, o medio rural e o xénero. Foi premio Vicente Risco de Ciencias Sociais 2004, entre outras moitas distincións. Doutora en Ciencias da Educación pola UCM e en Socioloxía pola Universidade París VIII-Vincennes. Autora de moitas publicacións sobre educación en España: Modos de educación en la España de la Contrarreforma (1984), El aprendiz de maestro(1984) (en colaboración con Félix Ortega), Las redes de la psicología (1986), Sujetos fráxiles (1989), Arqueología de la escuela (1991), La galaxia sociolóxica. Colegios invisibles y relaciones de poder en el proceso de institucionalización de la sociología en España (2000) (en colaboración con Fernando Álvarez-Uría), Nacimiento de la mujer burguesa (1997) (traducida ao francés en L'Harmattan, París, 2000), Sociología e información (2002), A Ulfe. Socioloxía de unha comunidade rural galega (2004), Y Materiales de sociología del arte (2008) (en colaboración con Fernando Álvarez-Uría).



Américo Nunes Peres, natural de Sarzedas, Castelo Branco (Portugal), apaixonou-se por uma flaviense, com quem casou e tem uma filha - a Mariana e já dois netos. Licenciado em Filosofia (Faculdade de Letras da Universidade do Porto) e doutorado em Ciências da Educação (Universidade de Santiago de Compostela). O seu lema de vida é "igualdade para viver, liberdade para conviver". Não surpreende, portanto, que a sua tese de doutoramento reflita este modo de estar e de viver, «Educação Intercultural: Utopia ou Realidade» editada pela Profedições e resultado da sua história pessoal e profissional. Foi professor da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD) durante mais de 30 anos, e delegado do Reitor da UTAD no campus de Chaves (Portugal). Dirigiu com maestria licenciaturas e mestrados em educação, animação sociocultural e turismo. Foi ao ensino e à investigação em educação que dedicou uma grande parte da sua vida. É um grande especialista em educação comunitária e animação sociocultural, mestre de mestres e professores. Foi um educador e inspirador de muitas gerações de jovens no Norte interior de Portugal. Galego de coração e alma a cooperação euroregional entre Portugal e a Galiza devem-lhe muito. É ele um “engenheiro” de pontes sociais imprescindíveis entre os dois lados da raia.



Antonio Rodríguez Corbal é axente de dinamización rural do Centro de Desenvolvemento Rural do Viso (Lodoselo - Sarreaus – Ourense), cunha experiencia de décadas na implementación de programas de educación comunitaria nunha aldea do interior rural de Ourense (Galiza).